

## ARGUMENTARIO PETICIÓN RÚA XOÁN PIÑEIRO

Xoán Piñeiro volta a Galicia no 1962, logo de anos vivindo en Madrid, e instálase en Vigo onde lle permiten traballar dentro das murallas do Castro.

Xa no 1964 trasládase definitivamente a Goián montando seu taller obradoiro.

Polo seu taller pasaron moitos artistas, os máis relevantes Picallo, Antunez, Silverio Rivas e continuos aprendices e curiosos que querían coñecer de perto o oficio da escultura. Outros aprenderon as primeiras técnicas, como Juan Oliveira, cando Piñeiro decidiu en 1968 iniciarse no proceso propio de fundición en bronce á cera perdida.

Con gran esforzo conseguiu poñer en marcha unha técnica de fundición inexistente ata o momento en Galicia, xa que todo se fundía en Madrid, e pode dicirse que a partir dos anos 70 comenza a realizar gran parte da súa obra, tanto pública como privada, neste material sendo un referente escultórico neste eido para todos os artistas que comenzaban a manexarse nas distintas técnicas escultóricas, das cales esta era a máis custosa e privativa.

A pesares de que a súa pretensión era o illamento, o taller de Piñeiro converteuse nun punto de encontro de artistas e amigos relacionados coa cultura, como os mais achegados Eliseo Alonso, Xavier Pousa e Antonio Fernandez. De este último estivo moi pendentes nos derradeiros anos, non só homenaxeando ó pintor cos bustos doados polo escultor ás Escolas e a súa campa, senón que grazas as propias xestións de Piñeiro, conseguiuuse que tivera unha sala propia no Museo de Lugo así como a ampliación de depósitos coa representación de outros artistas. Viñan tamén con frecuencia amigos pintores como Laxeiro, Lodeiro, Xaime Quessada, Mercedes Ruibal, Agustín Perez Bellas, Elena Colmeiro,...ou escultores como Bucifios, Jesús Valverde, Eiravella, Reinaldo Carrizo, Paco Barón, Alfonso Vilar, Manuel Coia, Juan Puchades, Acisclo Manzano, Xuxo Vázquez...e amigos de distintos eidos da cultura cos que tiña vínculo dende Madrid, Bernardino Graña, Castroviejo, Cribeiro.

Así transcorreron os vinte anos máis activos do artista sen que ese taller perdera o carácter cercano e emotivo para todos aqueles que estiveron en contacto con el. Tanto foi así, que Pablo Pousa, seu axudante neses anos, seguiu traballando no taller por encargo da familia dado que xa se establecera certo vínculo de clientela nos encargos de fundición.

En 1991, unha das súas fillas, Cuqui Piñeiro, reconvirte o taller do artista nunha empresa de fundición profesional, perpetuando e ampliando e legado e o espírito do escultor sendo un referente de traballo artístico con un grande número de escultores con obra en tódalas cidades galegas e con encargos de distintos puntos como Donostia, Burgos, Zamora,

Dalgún xeito contribúe a que Goián sexa un enclave onde o traballo escultórico adquire proxección fora. Convén tamén salientar as numerosas visitas de grupos escolares, ateneos e grupos de particulares para asistir a charlas informativas sobre do proceso de fundición a cera perdida con visitas guiadas as instalacións.

E por elo que consideramos importante e adecuado poñer todo isto en valor co recoñecemento do artista Xoán Piñeiro, dedicándolle a rúa onde tivo e se mantén o seu estudio, precisamente neste ano 2020 no que se cumpren os cen anos de seu nacemento.

Agardando sexa atendida esta petición polo Concello de Tomiño  
reciban un cordial saúdo

Xesús Vázquez González  
Presidente da Fundación Xoán Piñeiro